



**PUBLICACION RESULTADO PROCESO SELECTIVO PSICÓLOGO/A IM DE DROGODEPENDENCIA**

Nº CONTROL	PUNTUACIÓN TEST	PUNTUACIÓN PRÁCTICO	ENCONTRO CURRICULAR	TOTAL P. SELECTIVO
1	51	26	16	93
2	56	26	16	98
3	62	21	16	99

Identificación segundo as tarxetas identificativas:

Nº CONTROL	APELIDOS E NOME
1	LOPEZ SUAREZ EVA
2	ALVAREZ LOPEZ NOELIA
3	TABOADA LÓPEZ ESTELA

Finalizado o proceso selectivo a orde de maior puntuación, é a detallada a continuación:

1ªEstela Taboada López

2ª Noelia Álvarez López

3ª Eva López Suárez

Cando sexa necesario proceder o chamamento para cubrir a praza, trala tramitación do seguinte procedemento, ofertarase ao primeiro da lista que estea pendente de chamar por orde de mellor puntuación.

A medida que se produznan necesidades cuxa cobertura sexa solicitada procederase da seguinte forma:

Os Servizos do Concello poranse en contacto telefónico co aspirante, seguindo rigorosamente a orde establecida na lista. No caso de que non se poida localizar a un aspirante de forma telefónica, intentarase por medio dun SMS e dun correo electrónico (de existir dirección), debendo o aspirante dar unha contestación no prazo máximo de setenta e dúas horas; sendo o aspirante non localizado colocado na mesma posición que tiña adxudicada orixinariamente na lista de espera.

Se o aspirante rexeita a oferta de emprego, pasará ao final da lista, salvo que o interesado manifeste expresamente a súa vontade de ser excluído da mesma.

O aspirante que integrado nunha lista de espera, sexa chamado para cubrir unha necesidade e alegue e xustifique a imposibilidade de incorporación efectiva por estar traballando, ou de baixa laboral, continuará na lista de espera na mesma posición que ocupaba inicialmente, áinda que non será activado na lista e chamado para unha nova oferta ata que o propio aspirante comunique aos Servizos Centrais que esta dispoñible por haberse modificado a causa que alegou para non aceptar a oferta de traballo. Destas incidencias deixarase



constancia no expediente administrativo.

Se existise no momento do chamamento máis dunha vacante dispoñible que deba ser cuberta, estas deberanse ofertar aos aspirantes en función da orde de prelación que ostenten. O aspirante que sexa obxecto de nomeamento ou contratación, unha vez finalizada a súa prestación será colocado de novo na lista de espera na mesma posición que tiña adxudicada orixinariamente.

O aspirante proposto para o seu nomeamento, nun prazo de cinco (5) días naturais, contados a partir do día seguinte ó da recepción da oportuna notificación presentará no rexistro de documentos do Concello de Monforte de Lemos a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do DNI en vigor.
- Copia autenticada do título esixido ou certificación académica de estudios realizados, con xustificante do abono dos dereitos para a súa expedición.
- Certificación médica acreditativa de non padecer enfermidade ou defecto físico que lle incapacite para o desenvolvemento do posto de traballo de que se trata.
- Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servicio de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentencia firme.

O Tribunal